



SESION ORDINARIA DE 30 DE SETEMBRO DE 2025

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Armando Castosa Alvariño.
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D^a. María del Carmen López Moreno
D. Héctor Manuel Corujo González

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **trinta de setembro de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o señor deputado don Javier Varela Pérez.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Página	1/30	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de xullo de dous mil vinte e cinco, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=1>

PARTE RESOLUTIVA

2.- PROPOSTA DA PRESIDENCIA RELATIVA Ó APOIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á CANDIDATURA DO CONCELLO DE LUGO COMO SEDE DA AXENCIA ESTATAL DE SAÚDE PÚBLICA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“A Lei 7/2025, do 28 de xullo, creou a Axencia Estatal de Saúde Pública (en adiante AESAP) e modificou a Lei 33/2011, do 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública.

A AESAP ten como obxectivo, en consonancia co disposto na Lei 33/2011, do 4 de outubro, reforzar as capacidades do Estado para mellorar a saúde da poboación, a equidade en saúde e o seu benestar e protexer á poboación fronte a riscos e ameazas sanitarias, cun enfoque salutoxénico que potencie as capacidades e o empoderamento das persoas e as comunidades.

Para iso, en colaboración coas comunidades autónomas e outras Administracións públicas, cos diferentes actores e disciplinas e coa sociedade civil, a AESAP realizará unha abordaxe holístico e transdisciplinar dos problemas de saúde e os seus determinantes, actuando baixo o principio de «Unha soa saúde» e «Saúde en todas as políticas», sen prexuízo das competencias asignadas aos departamentos con competencias en materia de saúde animal, saúde vexetal, seguridade alimentaria e protección ambiental e a outras Administracións públicas.

O obxectivo e os fins xerais da AESAP están recollidos no art. 2 da Lei 7/2025, do 28 de xullo, nos termos establecidos na Lei 33/2011, do 4 de outubro, e sen prexuízo das competencias das diferentes administracións públicas.

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Página	2/30	



O propio art. 2 no seu apartado 3º da Lei 7/2025, do 28 de xullo establece as funcións da AESAP en concorrencia coas das demais administracións e organismos competentes en materia de saúde pública. Estas funcións estarán orientadas a:

- a) vixilancia en Saúde Pública
- b) sanidade Ambiental
- c) preparación e resposta diante as emerxencias de saúde pública
- d) saúde pública internacional
- e) información e comunicación en saúde
- f) asesoramento e avaliación das actuacións de saúde pública
- g) investigación e capacitación profesional en saúde pública

A AESAP configúrase como unha institución de excelencia técnica e científica que ten como obxecto a preparación, prevención, detección e resposta rápida fronte a ameazas e riscos para a saúde da poboación e a súa creación supuxo dar un paso decisivo para abordar, con garantías, as respostas no actual contexto de cambio climático e a súa afección á saúde, así como a novas zoonosis ou a enfermidades emerxentes.

É intención desta Presidencia apoiar de forma expresa a petición de que o Concello de Lugo sexa a sede da AESAP debido a que a candidatura responde a un compromiso firme coa equidade territorial, a modernización das estruturas de saúde pública e a contribución activa á cohesión social e sanitaria do conxunto do Estado.

Lugo reúne condicións estratéxicas, históricas, científicas e sociais que a converten nun lugar idóneo para acoller a sede dunha institución da transcendencia e relevancia que ten AESAP.

A localización da sede da AESAP en Lugo representaría unha aposta polo reequilibrio territorial e pola descentralización de organismos estatais, en liña cos principios de cohesión social e territorial recollidos na Constitución Española.

Lugo é unha cidade de tamaño medio, cunha contorna humana e accesible, que contribuíría a descentralizar funcións do Estado fóra dos grandes núcleos urbanos, garantindo unha distribución máis xusta das oportunidades institucionais e económicas.

O Concello de Lugo conta con accesos viarios estratéxicos, enlazando coa A-6 (Madrid-A Coruña) e a A-8 (eixo Cantábrico) iso unido á recente mellora das infraestruturas ferroviarias, xunto coa proximidade de aeroportos (Santiago de Compostela, A Coruña e Asturias), garante a conexión fluída co resto de España e co

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Página	3/30	

exterior. As características da cidade facilitan a mobilidade interna, reducindo tempos de desprazamento e contribuíndo á sustentabilidade.

Pola súa banda o Campus Universitario de Lugo (USC), con especialización en ciencias da saúde, convértea nun enclave idóneo para o traballo interdisciplinar en saúde pública.

Existen no municipio institutos de investigación e centros tecnolóxicos vinculados á investigación en materias relacionadas coa saúde, como o Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) e o Centro Integral de Saúde (CIS) de Galicia, Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA) polo cal é o emprazamento idóneo para ser a futura sede da AESAP.

A provincia conta cun sólido sistema hospitalario e de atención primaria, liderado polo Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA), que xa actúa como polo de referencia na atención especializada e na investigación clínica.

No aspecto da calidade de vida e contorna saudable ofrece unha alta calidade de vida, cun custo de vida accesible, servizos públicos de calidade e unha contorna natural privilexiada. A cidade está rodeada de espazos verdes, zonas rurais e contornas de baixa contaminación, o que constitúe un marco exemplar para o desenvolvemento de políticas de saúde pública. A escala humana de Lugo facilita a integración do persoal e as súas familias, reducindo tensións propias das grandes cidades.

Non podemos esquecernos do importantísimo aspecto relativo ao Patrimonio histórico e cultural. En efecto Lugo é a única cidade do mundo rodeada por unha muralla romana íntegra, a Catedral de Santa María, un excepcional edificio de estilo románico; e o Camiño de Santiago, en particular o Camiño Primitivo, que atravesa a cidade foron declarados todos eles Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Este valor histórico e cultural reforza a proxección internacional da cidade e a fai un símbolo de permanencia, solidez e apertura, atributos plenamente coherentes coa misión da AESAP.

A designación de Lugo como sede da AESAP xeraría emprego cualificado, atraería talento e contribuiría ao dinamismo económico da cidade e a provincia polo o Concello, na sesión Plenaria celebrada o día 31 de xullo de 2025, manifestou o apoio unánime á candidatura o que evidencia a súa plena disposición para colaborar e garantir infraestruturas, apoio institucional e recursos loxísticos necesarios para a instalación e funcionamento inmediato da Axencia.

A instalación da AESAP en Lugo non só respondería a criterios de eficiencia organizativa, senón tamén a unha visión de Estado que fomente a cohesión, a

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Página	4/30





equidade e o desenvolvemento equilibrado dos territorios xa que a cidade ofrece unha combinación de infraestrutura sanitaria avanzada, capacidade investigadora, calidade de vida e valor simbólico, que a converten nun enclave singularmente idóneo para albergar a sede desta institución estratéxica.

Por todo o exposto esta Presidencia PROPÓN ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Manifestar o apoio da Deputación Provincial de Lugo, no ámbito das súas competencias, á candidatura que sexa presentada, unha vez sexa aprobada por parte do Consello de Ministros a iniciación do proceso de selección para a determinación da sede da AESAP de acordo co establecido no Real Decreto 209/2022, polo que se establece o procedemento para a determinación das sedes físicas das entidades pertencentes ao sector público institucional estatal, xa que tal designación sería un acto de xustiza territorial e de visión estratéxica, que proxectaría ao conxunto do Estado unha imaxe de modernidade, descentralización e cohesión, á altura dos retos sanitarios presentes e futuros.

SEGUNDO.- Solicitar o apoio explícito á candidatura do Concello de Lugo como sede da AESAP ao tecido asociativo, corporacións e institucións da provincia de Lugo.

TERCEIRO.- Dar traslado do acordo ó Ministerio de Sanidad do Goberno de España e á Xunta de Galicia.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=2>

3.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE 2024, INTEGRADA TAMÉN POLA CONTA XERAL DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, E ACOMPAÑADA DAS CONTAS ANUAIS CONSOLIDADAS DE 2024, ELABORADAS DE ACORDO CO DISPOSTO NA ORDE HAC/836/2021, DE 9 DE XULLO, ASÍ COMA TAMÉN DOS INFORMES DE AUDITORÍA DAS CONTAS XERAIS DO ANTEDITO CONSORCIO DOS ANOS 2023 E 2024.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Página	5/30	

“Esta Presidencia, á vista dos informes e documentación obrantes no expediente, e de acordo co artigo 212 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, propón que sexa informada favorablemente a Conta Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo de 2024, integrada tamén pola Conta Xeral do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, e acompañada das Contas Anuais Consolidadas de 2024, elaboradas de acordo co disposto na Orde HAC/836/2021, de 9 de xullo, así coma tamén dos informes de auditoría das Contas Xerais do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento dos anos 2023 e 2024.

Examinada a Conta Xeral do Orzamento da Excma. Deputación Provincial de Lugo correspondente ao ano 2024, proponse emitir informe favorable e sometela ao Pleno da Corporación para a súa aprobación definitiva, se procede.”

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, con cinco votos a favor e coa abstención dos señores deputados don José Demetrio Salgueiro Rapa, don Luís Fernández Guitián e don Francisco Javier Balado Teijeiro, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación, se procede.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=3>

--oo0oo--

4.- PROPOSTA DE GOBERNO EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de goberno indicada no epígrafe, que di o seguinte:

“A Deputada Provincial D^a. Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, D^a Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte proposta de goberno en defensa do ensino público na provincia de Lugo

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Página	6/30	



Exposición de motivos

O ensino público constitúe un piar fundamental para garantir a igualdade de oportunidades, a cohesión social e o desenvolvemento económico, social e cultural da nosa sociedade. Na provincia de Lugo, como no conxunto de Galiza, o ensino público está a padecer un progresivo deterioro como consecuencia das políticas educativas promovidas polo PP á fronte da Xunta de Galiza, que favorecen a privatización e o desmantelamento dos servizos públicos esenciais, entre eles a educación. Neste caso vemos que na educación o PP aplica o mesmo enfoque ideolóxico que na sanidade ou nos servizos sociais: redución orzamentaria para continuar co deterioro dos servizos públicos e incremento escandaloso de axuda á privada.

Dende o comezo deste mandato estamos denunciando moitas decisións políticas que afectan negativamente á calidade e á equidade do sistema educativo, e que se fan sentir con especial intensidade na provincia de Lugo.

Un dos problemas máis graves é o déficit crecente de profesorado e un proceso de precarización das condicións laborais no sector. A redución de cadros de persoal, como vemos en O Páramo e Portomarín, o incremento das rateos por aula e a substitución das xubilacións por contratos temporais impiden garantir unha atención axeitada á diversidade do alumnado e prexudican o desenvolvemento dunha educación inclusiva e de calidade.

Cómpre salientar tamén os recortes nos servizos complementarios, como o transporte escolar, os comedores ou os apoios específicos para o alumnado con necesidades educativas especiais. Estes servizos son fundamentais para garantir a equidade e a igualdade de oportunidades, especialmente nas comarcas lucenses con maior dispersión poboacional e menor renda familiar. A súa redución ou eliminación deixa a moitas familias sen recursos en situacións de desvantaxe educativa.

Alén diso, a situación das infraestruturas escolares na provincia de Lugo é, en moitos casos, deficiente. Existen centros con instalacións obsoletas, problemas estruturais, carencias tecnolóxicas e falta de mantemento axeitado, moitos deles na nosa provincia. Estamos a falar, por exemplo, do CEIP As Mercedes, con aulas inundadas e material inservible pola auga ou o CEIP Poeta Avelino Díaz de Meira, onde as obras están pola metade.

E todo isto nun contexto onde cada vez se aumenta máis o diñeiro público achegado polo PP á fronte da Xunta de Galiza ó ensino privado, cun aumento dende 2019-2023 dun 26%, o que se reflicte na situación dos centros, do profesorado, do alumnado e finalmente na sociedade.

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Página	7/30	

Por todo o exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos e de dar traslado aos mesmos.

ACORDOS:

1. Esixir un incremento real dos investimentos no ensino público, tanto en infraestruturas como en dotación de recursos materiais e humanos, que permita a renovación e mellora dos centros educativos, así como a contratación de profesorado suficiente para reducir as rateos e garantir unha atención personalizada e inclusiva.
2. Solicitar a recuperación plena dos dereitos laborais e salariais do profesorado e do conxunto do persoal dos centros públicos, así como a dignificación das súas condicións laborais, reducindo a burocratización e garantindo estabilidade no emprego.
3. Reclamar a dotación de servizos complementarios suficientes, como transporte, comedores e atención especializada ao alumnado con necesidades educativas, especialmente nas comarcas máis desfavorecidas da provincia, como garantía de equidade e inclusión social.
4. Esixir a derogación do Decreto do Plurilingüismo e a implantación dun modelo educativo que teña o galego como lingua vehicular e de aprendizaxe en todas as etapas do ensino non universitario, garantindo ao mesmo tempo a competencia plena en castelán e noutras linguas estranxeiras.
5. Instar á Consellería de Educación a establecer un plan específico para a mellora do ensino público na provincia de Lugo, que teña en conta as particularidades territoriais, demográficas e socioeconómicas desta provincia, co obxectivo de combater o abandono escolar, a fenda territorial e o despoboamento.
6. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galiza, á Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, á Deputación de Lugo, ao Parlamento de Galiza e ao conxunto dos centros educativos da provincia, así como aos sindicatos representativos do ensino."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvaiño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede."

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Página	8/30





Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o señor Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=4>

5º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA QUE POÑA FIN AOS RECORTES EDUCATIVOS NO RURAL.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe a teor do seguinte texto:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta que poña fin ós recortes educativos no rural.

As familias lucenses, como as do conxunto de Galicia, xa están, por desgraza, afeitas a comezar cada curso académico denunciando as carencias derivadas da mala política educativa e dos recortes levados a cabo polo Goberno do PP.

Hai un ano, o 9 de setembro, houbo manifestacións nese sentido na provincia, e o pasado día 8 vimos como os pais e nais de Portomarín tiveron que saír de novo á rúa para reclamar que se mantenga o cadro docente do CEIP Virxe da Luz. Tamén no CEIP do Páramo a Xunta decidiu este curso agrupar alumnado de distintos ciclos, idades e niveis formativos en apenas dúas aulas. Doutra banda, no CEIP Península da Paz, de San Cibrao, o equipo directivo e a ANPA pediron desdobres dunha aula con 23 alumnos que tiveran o curso pasado.

A queixa da veciñanza é un bo exemplo da incapacidade de xestión da Xunta, porque os pais e nais que reclaman un cuarto docente de Primaria, e que se cumpran as ratios de agrupamento de alumnado pactadas pola Xunta cos sindicatos, están a pedir en realidade que se resolva un problema que xa quedara solucionado no curso 2024/2025. Pero a Xunta, no canto de incorporar aos seus plans as solucións pactadas, prefire comezar cada curso repetindo os seus propios erros.

Así, nos citados centros de Portomarín, con máis alumnado matriculado, a Xunta propón menos profesorado, incumpre as ratios de agrupamento de alumnado pactadas cos sindicatos educativos e esquece a solución achegada pola Consellería o

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Página	9/30



pasado curso logo das protestas das familias. O caso do CEIP Virxe da Luz non é unha anécdota: é un exemplo do sinsentido que rexe a xestión educativa da Xunta de Galicia.

Por exemplo, como é posible que a Xunta presuma dunha contratación récord de profesorado, que o número total de alumnos descendera en 20.000 nos últimos cinco anos e, porén, se manteñan as queixas por recortes en cadros docentes, pola falta de profesorado de apoio ou de especialistas en materias concretas?

De que serve que a Xunta negocie unhas ratios de agrupamento de alumnado de diferentes ciclos cos sindicatos se logo, sen comunicarlles nada, as modifica na Lei 5/2024 de medidas fiscais e administrativas, coñecida como Lei de acompañamento dos orzamentos? E, sobre todo, que sentido ten resolver un problema no curso 2024/2025 e non manter esa solución no curso seguinte?

Como sempre, os recortes e a falta de capacidade na xestión educativa do PP afectan de xeito especial ao rural. Porque o centro de Portomarín suma ao recorte dun profesor de Primaria a ausencia do especialista en Inglés, que lles debe parecer aos responsables da Consellería un tema secundario.

Os socialistas lucenses mantemos o noso compromiso coa calidade da educación pública, gratuíta e universal. Consideramos que esta educación pública é un elemento fundamental no desenvolvemento de políticas transversais que loiten contra a perda de poboación no rural. Por iso presentamos ante o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, para o seu debate e aprobación, esta moción para reclamar á Xunta de Galicia:

- Que manteña no CEIP Virxe da Luz de Portomarín o cadro docente do pasado curso, co cuarto profesor de Primaria.
- Que cubra canto antes a praza de especialista en Inglés que precisa o citado centro.
- Que cumpra cas ratios de agrupamento de alumnos pactados cos sindicatos no acordo asinado en outubro de 2023.
- Que garanta os cadros de persoal docente axeitados ás necesidades dos alumnos en todos os centros da provincia, especialmente nos centros educativos do rural, para garantir a universalidade e a igualdade no acceso á educación de todas as nenas e nenos da provincia.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Página	10/30	



Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o señor Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=5>

6º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á XUNTA A RESPALDAR O PACTO DE ESTADO FRONTE Á EMERXENCIA CLIMÁTICA PROPOSTO POLO GOBERNO DE ESPAÑA E A CUMPRIR COAS RECOMENDACIÓNS DO DITAME DA COMISIÓN DE ESTUDO SOBRE INCENDIOS PACTADO NO ANO 2018.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción para instar á Xunta a respaldar o pacto de Estado fronte á emerxencia climática proposto polo Goberno de España e a cumprir coas recomendacións do ditame da Comisión de estudo sobre incendios pactado no ano 2018.

O pacto de Estado fronte á emerxencia climática é unha iniciativa que impulsa o Goberno de España para dar resposta aos impactos, cada vez máis extremos, do cambio climático. Cun espírito de país, con ambición e vocación perdurable, o acordo debe transcender os ciclos políticos e as diferenzas territoriais, co fin de reforzar a capacidade de adaptación, mitigación, resposta e recuperación ante os fenómenos climáticos.

Un pacto que se fundamenta no coñecemento científico, a anticipación e a cooperación institucional co obxectivo de protexer a cidadanía, a nosa economía e a rica biodiversidade española. Para iso, propón un marco compartido de compromisos que garantan o interese xeral e o ben común, que transitan desde a xestión da auga e dos montes, á prioridade das persoas máis vulnerables, á disposición das mellores condicións de traballo para os servizos de emerxencia, ata o desenvolvemento dunha nova cultura de prevención.

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Página	11/30	

Só nos últimos cinco anos, as choivas torrenciais e danas rexistradas no noso territorio aumentaron un 15%, as secas e ondas de calor fixéronse máis intensas e duradeiras, e a superficie afectada por incendios medrou un 80%, provocando a morte de máis de 20.000 persoas. Ademais, causaron perdas materiais duns 32.000 millóns de euros na última década, o mesmo que a administración xeral do Estado dedicou á educación pública nese período.

España é un dos países do mundo máis vulnerables aos impactos do cambio climático. A comunidade científica demostrou que esta clase de fenómenos climáticos extremos serán máis frecuentes e severos nos próximos anos, mais que aínda estamos a tempo de evitar que escalen e de reducir os seus impactos sociais, económicos e medioambientais máis graves.

É por todo isto que o Goberno propón un pacto de Estado fronte á emerxencia climática destinado a reforzar os mecanismos de adaptación, mitigación, resposta e recuperación de todas as administracións públicas ante eventos climáticos extremos, e que, ao noso xuízo, debería impulsar 10 compromisos prioritarios, que son os seguintes:

1. Avanzar cara a un modelo de xestión forestal adaptado ás realidades sociais, económicas e climáticas do século XXI.
2. Despregar unha resposta nacional para a resiliencia hídrica que aumente a resiliencia das nosas vilas e cidades ante inundacións e secas.
3. Protexer a cidadanía das ondas de calor.
4. Establecer un sistema de axudas económicas, incentivos fiscais e servizos reforzados no medio rural para potenciar o seu poboamento, robustecer a súa contribución á protección e restauración da natureza, e favorecer a súa adaptación aos diferentes escenarios que expón o cambio climático.
5. Potenciar as contribucións dos sectores forestal e agropecuario á prevención e mitigación dos eventos climáticos extremos.
6. Crear dous fondos con recursos nacionais e autonómicos.
7. Manter de forma permanente os medios técnicos e humanos necesarios para combater eventos climáticos extremos.

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Página	12/30





8. Impulsar a creación dunha axencia estatal de protección civil e emerxencias para mellorar a coordinación e a toma de decisións por parte das administracións públicas no novo contexto climático.
9. Promover unha cultura cívica da prevención e reacción.
10. Acelerar a transición ecolóxica en España e esixir á Unión Europea unha maior ambición.

Este ano batéronse récords de temperatura. O informe anual da Aemet confirma esta tendencia: 2024 foi o terceiro ano máis cálido desde 1961 e, xunto con 2022 e 2023, forma unha secuencia de anos excepcionalmente cálidos. A temperatura media aumentou 1,69 °C desde o inicio da serie histórica.

As choivas torrenciais e a evolución dos incendios forestais cara a fenómenos máis intensos e imprevisibles son síntomas dun sistema climático alterado. A ciencia confirma: o vínculo entre o quecemento global e a virulencia dos incendios é indiscutible. A xestión reactiva dos incendios xa non é suficiente; urxe centrarse na prevención, na restauración da paisaxe e na adaptación ao novo contexto climático.

Ademais dos danos ecolóxicos, estes incendios afectaron infraestruturas, vivendas e cultivos, obrigando á evacuación de poboacións enteiras e xerando importantes custos nas tarefas de extinción e recuperación. A magnitude das áreas queimadas, máis de 380.000 ha, e o impacto social e económico subliñan a urxente necesidade de fortalecer as políticas de prevención, vixilancia e resposta a este tipo de emerxencias.

Isto foi obxecto de debate por parte dos grupos parlamentarios no Parlamento de Galicia nunha comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria onda de lumes que sufriu Galicia, por aquel entón, en outubro de 2017.

Aquela comisión emitiu un ditame, publicado en setembro de 2018, é dicir, hai xa máis de sete anos, que foi votado a favor por unha ampla maioría do Parlamento que, contemplaba 123 medidas encamiñadas a realizar reformas estruturais na planificación da xestión forestal, a prevención e a extinción de incendios. A día de hoxe, o nivel de implantación daquelas medidas é moi baixo, sendo xenerosos na análise.

Por todo o exposto, o grupo municipal socialista somete a votación neste pleno, para a súa aprobación, o seguinte acordo:

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Página	13/30



1. Instar á Xunta de Galicia a adherirse ao pacto de Estado impulsado polo Goberno de España, para dar resposta aos impactos, cada vez máis extremos, do cambio climático.
2. Instar á Xunta de Galicia a implementar as medidas acordadas no ditame da comisión de estudo do ano 2018, e que se convoque a comisión para o seguimento do cumprimento das mesmas, tal e como recolle a recomendación final nº 123 do citado ditame.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o señor Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=6>

7º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG SOBRE A VAGA DE LUMES FORESTAIS QUE ASOLOU GALIZA NO MES DE AGOSTO E AS MEDIDAS NECESARIAS PARA EVITAR ESTA CATÁSTROFE, MEDIANTE UNHA POLÍTICA DE PREVENCIÓN E UNHA XESTIÓN INTEGRAL DO MEDIO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de Voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción sobre a vaga de lumes forestais que asolou Galiza no mes de agosto e as medidas necesarias para evitar que se repita esta catástrofe mediante unha política de prevención e unha xestión integral do medio.

Exposición de motivos

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Página	14/30





Galiza viviu no pasado mes de agosto unha das peores vagas de lumes forestais da súa historia recente. A desolación e a ferida aberta que esta catástrofe ambiental, social e económica deixou en gran parte do noso territorio (nomeadamente nas comarcas de Ourense) son palpábeis e esixen unha reacción inmediata e contundente.

En canto ás dimensións reais do desastre, o sistema europeo Copernicus fixo unha estimación de máis de 143.000 hectáreas queimadas no mes de agosto (145.000 en todo o ano), mentres que a Xunta deu uns datos sensibelmente inferiores: 108.411 en agosto e 110.994 en todo o ano.

Esta vaga de lumes, máis que unha praga bíblica, ou unha acción atribuíble soamente a mentes perturbadas, é a consecuencia directa dunha xestión absolutamente negligente por parte do goberno galego, tanto na prevención como na xestión da emerxencia.

O modelo de loita contra o lume do Partido Popular demostrou, unha vez máis, o seu absoluto fracaso. A falta de planificación, de prevención e de recursos eficientes por parte da Xunta converteu a situación nunha auténtica catástrofe. A xestión foi errática, sen a coordinación necesaria, deixando a moitas brigadas e concellos traballando en circunstancias extremadamente adversas e, en moitos casos, en total desamparo. Malia o esforzo heroico de brigadas, veciñanza e persoas voluntarias —a quen queremos agradecer e recoñecer publicamente o seu labor—, a política forestal do PP non está á altura das necesidades dun país co 70% da súa superficie arbórea.

Esta vaga de lumes deixa unha lección clara: non podemos seguir como estabamos. A rabia, a dor e a indignación ante unha catástrofe que podería terse evitado deben traducirse en acción política. A Xunta de Galiza non pode seguir respondendo con “silencio, resignación ou a rutina de promesas baleiras e propaganda”. O uso político partidista e carroñeiro que o PP quixo facer no medio dos peores incendios da nosa historia é inadmisíble. Galiza merece un modelo de monte e de rural diferente, que xere riqueza, poña en valor a nosa contorna natural e que nos protexa de forma efectiva.

É por iso que o BNG defende un cambio estrutural e unha estratexia integral sobre o conxunto do territorio que teña como obxectivo evitar que un desastre deste tipo se volva a repetir. Fronte ás políticas fracasadas do pasado, Galiza precisa unha alternativa de futuro para o noso medio rural, un plan que procure a atención inmediata ás persoas afectadas, a recuperación ambiental real, un novo modelo de monte multifuncional, unha prevención estrutural e eficaz, e a revitalización socioeconómica do rural.

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Página	15/30



Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo, e o seu traslado ao Goberno da XUNTA de Galiza, dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galiza á inmediata posta en marcha dun Fondo de Recuperación Económica, Social e Ambiental Xunta-Estado para facer fronte aos danos da vaga de lumes. Este fondo deberá incluír axudas directas de ata 200.000 € para a reconstrución de vivendas e unha achega de ate 6.000 € para autónomos, pequenas e medianas empresas e a economía social, coa mínima burocracia posíbel.
2. Urxir á Xunta de Galiza a pór en marcha un Plan de Emprego Verde de restauración ambiental das áreas afectadas, que se centrará na restauración ecolóxica, a protección da biodiversidade e a recuperación dos solos.
3. Demandar á Xunta a aprobación dunha moratoria inmediata a novas plantacións de eucalipto para reconducir a política forestal cara a un modelo de monte ordenado e multifuncional que xere riqueza e que sexa máis resiliente fronte aos lumes.
4. Instar á Xunta de Galiza a duplicar os fondos de prevención nos dous próximos anos.
5. Exixir o reforzo e a profesionalización dos servizos de prevención e extinción, incluíndo a creación de 70 brigadas móbiles de vixilancia e a dotación de medios e equipos adecuados para o ataque a grandes incendios. Tamén, garantir a mellora das condicións laborais do persoal do servizo.
6. Instar á Xunta a que revise o marco competencial actual en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, nomeadamente en relación coa xestión das redes secundarias de faixas de biomasa, co obxecto de que sexa a Xunta quen asuma a execución subsidiaria das tarefas de limpeza nos casos de incumprimento por parte dos titulares e nas parcelas de propiedade descoñecida.
7. Demandar ao goberno galego que impulse a revitalización socioeconómica do rural, promovendo a mellora dos servizos, o incremento do financiamento dos concellos e alternativas produtivas sostibles e que fomenten a mobilización de terras para a produción sustentable de alimentos.

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Página	16/30





8. Demandar a asunción de responsabilidades políticas por parte dos máximos responsables do goberno galego, comezando polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, pola súa xestión “absolutamente negligente” e por converter a vaga de lumes nunha auténtica catástrofe que podería terse evitado.
9. Adherirse ás mobilizacións sociais na esixencia de responsabilidades e apoio na reconstrución e rehabilitación das propiedades e dos espazos rurais e naturais danados.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvareño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o señor Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=7>

8º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DE LUGO A COLABORAR TÉCNICA E ECONOMICAMENTE COS CONCELLOS DA PROVINCIA NA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular para instar á Deputación de Lugo a colaborar técnica e economicamente cos concellos da provincia na xestión do ciclo da auga.

Exposición de motivos

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), establece que en municipios con menos de 20.000 habitantes, as deputacións provinciais coordinan a prestación de servizos como a recollida e tratamento de residuos ou o

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Página	17/30	

abastecemento de auga ou a depuración. Tamén aseguran a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio da provincia dos servizos de competencia municipal e prestan os servizos públicos de carácter supramunicipal ou supracomarcal. Ademais, é competencia propia da Deputación Provincial a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios.

As deputacións teñen a capacidade de realizar estes servizos de forma directa polo que esta entidade local supramunicipal se converte nunha ferramenta fundamental para que os concellos pequenos poidan prestar con eficiencia servizos básicos como son o abastecemento e saneamento, servizos ademais que deberían estar garantidos en calquera vivenda como requisito para a súa habitabilidade.

A LBRL establece tamén que as deputacións deben aprobar anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal. Sen embargo, o Plan Deputación –posto en marcha grazas ao Grupo Popular e que é o único mecanismo obxectivo de reparto de fondos provinciais- non é suficiente para facer fronte ás necesidades concretas relacionadas con servizos básicos como o abastecemento ou o saneamento; actuacións moitas veces de carácter supramunicipal e de máis volume orzamentario. Neste caso, requiriríase un plan provincial específico para o asesoramento técnico e o apoio económico por parte da Deputación de Lugo aos Concellos nesta materia.

O esforzo de dotar de infraestruturas e servizos de abastecemento e saneamento está a vir dos Concellos -que son os que ostentan as competencias básicas- ou da Xunta -a través de Augas de Galicia- que está a mobilizar importes elevados de fondos para atender as necesidades que os Concellos por si sos non son capaces de asumir.

A Xunta de Galicia ten colaborado, en materia de xestión do ciclo da auga, con concellos da provincia como Viveiro, Foz, Burela ou Outeiro de Rei poñendo de manifesto a súa imparcialidade á hora de colaborar na dotación de servizos básicos coas entidades municipais, independentemente da cor política dos seus gobernos.

Recentemente, a Xunta vén de asinar tamén un convenio interadministrativo co Concello de Ribadeo e o Concello de Trabada para a execución da actuación de mellora do abastecemento a Ribadeo e Trabada cun investimento de 8,5M€. Pero, a Deputación de Lugo non colabora a pesar de que a lei lle confire competencias específicas neste ámbito e de que se trata dun proxecto supramunicipal.

Cómpre que a Deputación de Lugo exerza realmente a súa función de cooperación e axude aos concellos de menos de 20.000 habitantes no cofinanciamento de actuacións para garantir o abastecemento e a xestión do ciclo da auga. E que colabore cos

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Página	18/30





Concellos á hora de asinar convenios e tamén á hora de facer fronte aos compromisos adquiridos nos mesmos.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordó:

O Pleno da Corporación Provincial insta á Deputación de Lugo a:

1. Colaborar técnica e economicamente con tódolos Concellos da provincia en materia de xestión do ciclo da auga para que poidan facer fronte ás obras necesarias para mellorar o servizo de abastecemento de auga e saneamento.
2. Participar activamente no financiamento de actuacións recollidas en convenios interadministrativos e supramunicipais para sufragar a dotación dos servizos de abastecemento de auga e saneamento nos distintos municipios da provincia; como, por exemplo, no caso da colaboración asinada entre a Xunta de Galicia, o Concello de Ribadeo e o Concello de Trabada.”

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención do señor presidente D. José Tomé Roca, dos señores/as Deputados/as D^a. M^a. del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío, e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada Dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva a ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24: votos a favor, 11 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o señor Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=8>

9º.- Moción do Grupo Provincial Popular para impedir a desconexión de Galicia a través dun plan integral de investimentos e mellora da mobilidade nacional e internacional en Galicia.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Página	19/30



“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular para impedir a desconexión e Galicia a través dun plan integral de investimentos e mellora da mobilidade nacional e internacional en Galicia

Exposición de motivos

A mobilidade de persoas e mercadorías é un elemento estratéxico para garantir o desenvolvemento económico, social e demográfico de Galicia. Contar cun sistema de transportes moderno e ben conectado non só é fundamental para atraer turismo, senón tamén para asegurar os proxectos de vida dos galegos, as oportunidades laborais e educativas, impulsar a competitividade empresarial e ofrecer un futuro ás novas xeracións.

A mobilidade é, ademais, unha condición indispensable para favorecer o asentamento de poboación no rural: sen boas comunicacións, as comarcas do interior e a Galicia máis dispersa quedan relegadas, facilitando o éxodo cara outros territorios.

Cómpre lembrar que, segundo a Constitución Española, a planificación e execución das infraestruturas básicas de comunicación — autoestradas e autovías de titularidade estatal, ferrocarrís, portos e aeroportos de interese xeral — son unha competencia exclusiva do Estado. É, polo tanto, obriga legal e institucional do Goberno central garantir que Galicia conte coas mesmas oportunidades e servizos en materia de transportes que o resto das comunidades autónomas.

A falta de investimentos e planificación neste eido non só constitúe unha desvantaxe económica e social, senón tamén un incumprimento claro das súas responsabilidades constitucionais.

No que atinxe á rede viaria estatal na comunidade galega padece un atraso inxustificable en pleno 2025. Aínda faltan autovías estatais que garantan a conexión áxil e segura entre as nosas provincias e co resto de España. Ademais, as infraestruturas existentes mostran un deficiente mantemento: autoestradas de peaxe en mal estado, autovías con firme totalmente deteriorado e estradas nacionais obsoletas e ata perigosas. A ausencia de investimentos nos últimos anos non só compromete a seguridade viaria, senón que incrementa os custos de transporte e resta competitividade aos nosos sectores produtivos.

Se analizamos por provincias:

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Página	20/30





- A Coruña: A AP-9, eixo vertebrador de Galicia, presenta carencias no seu mantemento e un sistema de peaxes inxusto que lastra a mobilidade e incumpre sistematicamente o compromiso de cesión a Galicia. A conexión con Ferrol segue a ser deficitaria e sen alternativa moderna.
- Lugo: O interior sofre a falta de autovías transversais que o conecten axeitadamente con Santiago, Ourense e con Asturias e a propia Mariña entre si. A N-540 cara a Ourense segue sen unha alternativa de alta capacidade, condenando a Lugo ao illamento.
- Ourense: A súa situación periférica vese agravada pola falta de autovías cara a Lugo e polo deterioro das nacionais.
- Pontevedra: A conxestión nos accesos a Vigo e Pontevedra é unha realidade diaria, e seguen pendentes novas conexións que alivien o tráfico e melloren a competitividade do porto de Vigo.

En canto ao transporte por estrada, cómpre destacar a problemática derivada do proxecto de retirada por parte do Goberno do Estado de liñas de transporte en autobús de carácter nacional en Galicia. Estas decisións afectaron de maneira directa a milleiros de galegos que residen en concellos pequenos e medianos, para os cales o autobús representa, en moitos casos, o único medio de transporte dispoñible para desprazarse a cidades próximas, acceder a servizos sanitarios, educativos ou administrativos, e manter o contacto social, laboral e económico co seu entorno. A perda destas conexións implicaría un paso atrás na vertebración territorial e no dereito á mobilidade da cidadanía, golpeando con especial dureza ao rural galego, que precisa máis ca ninguén dun transporte público regular, accesible e fiable para garantir o seu futuro.

É imprescindible deterse a analizar o sistema ferroviario galego, o cal presenta unha situación aínda máis preocupante. A pesar de décadas de promesas, a alta velocidade chega de forma incompleta e desigual. Mentres algunhas cidades contan cunha conexión a Madrid e ao resto de España, hai cidades e provincias enteiras que permanecen marxinas. Lugo e Ferrol seguen, e seguirán excluídas polo Goberno do Estado da rede de alta velocidade, obrigadas a soportar traxectos longos e pouco competitivos.

Lugo é a única provincia galega e do entorno de Galicia sen conexión directa de alta velocidade e, senón cambia de plans o Goberno central, así seguirá tras a redución de máis 1.000 millóns de € nos investimentos comprometidos. E segue sen haber noticias da conexión de Lugo con Santiago por ferrocarril.

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Página	21/30



Por outra banda, nas últimas datas fíxose pública a intención do Goberno de España de elaborar un estudo de análise para implementar o servizo de cercanías en Galicia que parece deixar fóra á provincia de Lugo cando debería ser necesario incluíla no estudo.

A conexión con Portugal, fundamental para o desenvolvemento do eixo atlántico, segue pendente de investimentos serios, o que impide aproveitar plenamente a cooperación e a integración europea.

O FEVE na Mariña e no norte da Coruña sofre un abandono total, con frecuencias mínimas e vías e material rodante en estado absolutamente precario.

No tocante ao sistema aeroportuario galego padece unha situación crítica, caracterizada pola escaseza de rutas e frecuencias. Lonxe de existir unha estratexia de coordinación que permita complementariedade entre os aeroportos de Santiago, A Coruña e Vigo, a realidade é que a política desenvolta polo Goberno central debilita o conxunto do sistema e resta capacidade de atracción fronte a outros territorios.

Esta situación agravouse nos últimos días coa anunciada retirada de varias rutas por parte de Ryanair, unha das compañías de baixo custo con maior peso no mercado europeo. Esta decisión, que implica a cancelación de liñas nacionais e internacionais desde aeroportos galegos, supón unha perda moi significativa de conectividade, tanto para os cidadáns como para o tecido produtivo.

En Santiago, aeroporto con maior número de operacións, a retirada de conexións internacionais estables deixa a Galicia con menos opcións de apertura a Europa, limitando a captación de turismo estranxeiro.

En A Coruña, a redución de frecuencias afecta directamente á conexión con Madrid e Barcelona, rutas esenciais para a actividade empresarial e institucional.

En Vigo, a cancelación de enlaces estratéxicos deixa á principal área metropolitana de Galicia nunha posición de clara desvantaxe no mapa aéreo peninsular.

O impacto destas decisións é enorme e non só afecta a estas cidades senón tamén a todo o conxunto de municipios e provincias galegas: redúcese a competitividade de Galicia como destino turístico, encarecen e complican as viaxes por motivos laborais, académicos ou sanitarios, e debilítase a proxección internacional das nosas empresas. Todo isto ocorre sen que o Goberno central poña enriba da mesa un plan alternativo que garanta a continuidade e estabilidade das rutas aéreas de interese xeral, nin unha política de negociación seria coas compañías aéreas que evite a dependencia exclusiva da súa estratexia comercial.

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Página	22/30





Cómpre subliñar que os aeroportos galegos son infraestruturas de interese xeral do Estado, polo que a súa planificación, coordinación e sostemento recaen de xeito directo na Administración central. A súa inacción e falta de compromiso tradúcese, na práctica, en illamento e perda de oportunidades para a cidadanía galega.

A desconexión en materia de mobilidade nacional e internacional de Galicia non é froito do azar, senón do abandono sistemático durante os últimos anos por parte do Goberno central. Unha Galicia mellor comunicada é unha Galicia con máis futuro, con capacidade de fixar poboación, de crear emprego e de competir en igualdade de condicións.

Por iso, resulta imprescindible esixir un Plan integral de investimentos e mellora da mobilidade nacional e internacional en Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación Provincial de Lugo insta ao Goberno do Estado á elaboración e impulso dun Plan integral de investimentos e mellora da mobilidade nacional e internacional en Galicia, que contemple:

- Un plan integral de investimentos en estradas:
 - Remate e construción das novas autovías pendentes (A-54, A-56, A-72, A-74, A-57, A-59...)
 - Melloras no mantemento das infraestruturas existentes tanto autovías como nacionais.
- Garantir o mantemento das liñas e paradas de transporte estatal por estrada.
- Potenciación real do sistema ferroviario:
 - Finalización e extensión da alta velocidade ferroviaria, incluíndo Lugo e Ferrol, a mellora das frecuencias dispoñibles.
 - Inclusión da provincia de Lugo no estudo de análise para implementar o servizo de cercanías en Galicia.
 - Materialización da conexión ferroviaria con Portugal.

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Página	23/30	

- Modernización das liñas ferroviarias xa existentes e garantir a conexión entre todas as cidades galegas.
- Recuperación e impulso do FEVE.
- Medidas de impulso e coordinación do sistema aeroportuario galego:
 - Revisar as taxas aeroportuarias aplicadas por Aena co fin de favorecer a competitividade dos aeroportos rexionais galegos.
 - Establecer sistemas de incentivos específicos para aeroliñas que aposten por incrementar roteiros, frecuencias ou manter bases operativas en Galicia.
 - Promover medidas de coordinación dende o Goberno central co fin de garantir unha conectividade aérea adecuada e estable.
 - Impulsar campañas de promoción turística e económica que reforcen a posición de Galicia como destino atractivo para a operación de aeroliñas nacionais e internacionais.”

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención do señor presidente D. José Tomé Roca, dos señores/as Deputados/as D^a. M^a. del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío, e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada Dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24: votos a favor, 11 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 10 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 3 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do BNG). Polo que o señor Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=9>

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Página	24/30





PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

10.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DOS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2025 RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Dase conta dos informes dos meses de abril, maio e xuño de 2025 relativos ao cumprimento de prazos do real decreto 635/2014 da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=10>

11.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2025 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

Dase conta do informe do segundo trimestre de 2025 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=11>

12.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 30 DE XUÑO DE 2025 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2025.

Dase conta do Informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 30 de xuño de 2025 e previsións a 31 de decembro de 2025.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=12>

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Página	25/30	

13.- DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 30 DE XUÑO DE 2025.

Dase conta da información económica da Deputación de Lugo a 30 de xuño de 2025.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=13>

14.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE CONTROL FINANCEIRO DA CONTA 413 DO EXERCICIO 2024 EN CUMPRIMENTO DA DA 3ª DA LEI ORGÁNICA 9/2013, DE 20 DE DECEMBRO, DE CONTROL DA DÉBEDA COMERCIAL NO SECTOR PÚBLICO INCLUIDA NO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO EXERCICIO 2024.

Dase conta do informe de control financeiro da conta 413 do exercicio 2024 en cumprimento da DA 3ª da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de Control da débeda comercial no Sector Público incluída no Plan Anual de Control financeiro do exercicio 2024.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=14>

15.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL 2024 SOBRE O CUMPRIMENTO EN MATERIA DE MOROSIDADE.

Dase conta do informe anual 2024 sobre o cumprimento en materia de morosidade.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=15>

16.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN DE ACCIÓN 2025.

Dase conta do Plan de acción 2025.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=16>

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Página	26/30	



17.- DACIÓN DE CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO RELATIVOS A MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUIDOS NO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 E 2025, POLOS CONCELLOS DE BÓVEDA E NEGUEIRA DE MUÑIZ.

Aos efectos do previsto nas bases do PLAN DEPUTACION 2024 e 2025, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “.. e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria....” dase conta ao Pleno dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno de data 05/09/2025 e 12/09/2025 en relación cos escritos presentados polas Alcaldías dos Concellos de BÓVEDA e NEGUEIRA DE MUÑIZ, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no PLAN DEPUTACIÓN 2024 E 2025 respectivamente, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=17>

18.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE OS MESES DE XULLO E AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Dase conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta e un de xullo de dous mil vinte e cinco, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 3667 ao 4175, e dende o un de agosto ao vinte e nove de agosto de dous mil vinte e cinco que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 4176 ao 4621 e cuxas copias foron remitidas aos Grupos Políticos Provinciais.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=18>

19.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=19>

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Página	27/30	

20.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

R O G O S

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo á seguridade viaria na Lu-P-6602, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

Os veciños e veciñas da parroquia de Galdo (Viveiro) levan tempo reclamando medidas para garantir a seguridade dos peóns na estrada provincial LU-P-6602 que non dispón de beirarrúas, beiravías, nin zonas para peóns e por onde circulan vehículos a gran velocidade.

Este mesmo Grupo ten trasladado a súa reivindicación no pasado mes de novembro de 2024 sen que se teña tomado ningunha medida nunha zona na que xa se teñen producido accidentes con peóns involucrados.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Atendendo ás peticións dos veciños e veciñas, adopte as medidas necesarias para garantir a seguridade viaria na LU-P-6602 ao seu paso pola parroquia de Galdo (Viveiro):

- habilitar zonas seguras para o paso de peóns
- instalar elementos redutores da velocidade
- reforzar a sinalización.”.

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, en relación coa instalación de xeradores eléctricos nos Centros de Atención a Maiores da Deputación de Lugo, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Página	28/30	



A Deputación de Lugo contratou pola vía de emerxencia o alugueiro de xeradores eléctricos para dar servizo a tres centros de atención a maiores da rede provincial durante o apagamento enerxético que afectou a toda España a finais do pasado mes de abril, o que evidentemente pon de manifesto a necesidade destes equipos nas CAM's provinciais.

O subministro eléctrico non só é vital en moitos casos de usuarios que precisan algún tipo de asistencia para respirar a través dun dispositivo eléctrico, senón que é imprescindible para realizar calquera outro tipo de tarefas da vida diaria con seguridade, para o funcionamento dos ascensores, moverse con seguridade en horas sen luz.

O alugueiro de xeradores eléctricos evidencia a falta de previsión por parte da Deputación de Lugo ante posibles casos de cortes eléctricos.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial:

A instalación de xeradores eléctricos en todos os centros de atención a maiores da Deputación de Lugo para garantir o subministro enerxético no caso de que se produzan apagamentos ou cortes no subministro eléctrico”.

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ás obras de construción dos Centros de Atención a Maiores da Pontenova e Guitiriz, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

As obras de construción dos Centros de Atención a Maiores (CAM) da Pontenova e Guitiriz atópanse paralizadas unha vez que a Deputación de Lugo vén de iniciar os procedementos para a resolución dos contratos para a súa construción.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

En que datas estarán rematadas as obras de construción dos Centros de Atención a Maiores da Pontenova e Guitiriz? ”.

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U	Página	29/30



Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ás obras de rehabilitación do Pazo dos Deportes, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

As obras de rehabilitación integral da cuberta do Pazo Provincial dos Deportes pasáronse un pouco de prazo, como recoñeceu o vicepresidente e deputado delegado da Área de Deportes. Estas actuacións non están rematadas e a instalación do equipamento comprometido, un vídeo marcador, tampouco está concluído.

Pero este non é o único incumprimento do goberno provincial co Pazo dos Deportes, xa que prometera tamén un informe técnico sobre a posibilidade de ampliación do seu aforo do que non temos coñecemento.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que alternativas baralla o goberno provincial en caso de que as obras e a instalación de equipamento non estea concluído e afecte á celebración de partidos de competencia oficial e en que data prevé que estean rematados os traballos da cuberta, a instalación do vídeo marcador e o informe técnico sobre a posibilidade de ampliación de aforo?”

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250930&punto=20>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Fecha y Hora	08/10/2025 14:43:25	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THWL6B77IVCED3U6FBYAG4U		Página	30/30	